

Estimadas entidades colaboradoras,

Un ano máis pechamos a nosa campaña [OPERACIÓN QUILO 2021](#), que ten obxectivo a recollida de alimentos e produtos de hixiene para aliviar nas datas de nadal e ao longo do ano, as necesidades básicas das familias máis vulnerables.

Coa vosa colaboración acadamos chegar a máis de 100 familias en Santiago de Compostela. Tódolos produtos foron distribuídos coa axuda de Cáritas Parroquial de San Pedro, Cáritas Parroquial de Fontiñas, Asociación Arela e Asociación Provivenda.

Neste ano tivemos a sorte de poder colaborar con 18 Facultades da Universidade de Santiago de Compostela (USC), 11 centros educativos, 7 centros cívicos da cidade e Decathlon Santiago. Ademais, realizamos dous eventos no [Centro Don Bosco](#) para mozas e mozos da cidade na que participaron de forma activa con doazóns; e o equipo de [esports Kings Dragon](#) levou a cabo outros dous eventos de ocio dixital educativo no que se recolleron alimentos e produtos de hixiene para a Operación Quilo.

Grazas a todos esos puntos de recollida que acollíchedes nos vosos espazos, fixéchedes posible un ano máis cubrir as necesidades de estas familias. Dámosvos as grazas por este apoio e por poñer o voso graño de area a mellorar a situación das persoas mais vulnerables.

Dende o Centro Don Bosco, agradecemos tamén o esforzo a todo o noso equipo de voluntariado que se desprazou aos centros colaboradores a situar os puntos de recollida, así como a recoller as doazóns e apoiar na loxística de clasificación e distribución dos mesmos. Sen vós isto non sería posible.

GRAZAS DE TODO CORAZÓN A TODAS E TODOS OS QUE COLABORÁCHEDES PARA QUE ESTA CAMPAÑA FOSE UN ÉXITO UN ANO MÁIS.